

QUÍMICA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Cada pregunta **vale 2 puntos (1 punto por apartado)**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 5 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1.

1.1. Aplicando a teoría de repulsión dos pares de electróns da capa de valencia (TRPECV) deduza **razoadamente** a xeometría electrónica e molecular da molécula de tricloruro de fósforo, indicando cal sería o valor aproximado do ángulo de enlace.

1.2. Sabendo que a xeometría electrónica na molécula de SiF₄ é tetraédrica, discuta **razoadamente** que tipo de orbitais híbridos empregaría o átomo de silicio para formar os enlaces correspondentes, como se forman os ditos orbitais híbridos e a distribución de electróns nestes.

PREGUNTA 2.

2.1. **Razoe** se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: «o cloruro de potasio en estado sólido non conduce a electricidade, pero si é un bo condutor cando está disolto en auga».

2.2. A ecuación da velocidade dunha reacción é $v = k \cdot [A]^2 \cdot [B]$: indique a orde de reacción con respecto a cada reactivo e **xustifique** se ó duplicar as concentracións de A e de B, en igualdade de condicións, a velocidade de reacción será oito veces maior.

PREGUNTA 3.

3.1. **Xustifique** se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: «o CH₃-CH=CH-CH₃ reacciona con HCl para dar un composto que non presenta isomería óptica».

3.2. Escriba as fórmulas semidesenvolvidas e nomee os isómeros xeométricos do 2,3-dibromobut-2-eno.

PREGUNTA 4.

Dada a seguinte reacción: $\text{HCl}(\text{ac}) + \text{K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7(\text{ac}) + \text{NaNO}_2(\text{ac}) \rightarrow \text{NaNO}_3(\text{ac}) + \text{CrCl}_3(\text{ac}) + \text{KCl}(\text{ac}) + \text{H}_2\text{O}(\text{l})$

4.1. Axuste as ecuacións iónica e molecular polo método do ión-electrón.

4.2. Calcule o volume de dicromato de potasio 2,0 M necesario para oxidar 20 g de nitrito de sodio.

PREGUNTA 5.

Unha disolución 0,03 M de amoníaco está dissociada nun 2,42 %. Calcule:

5.1. O valor da constante K_b do amoníaco.

5.2. O pH da disolución e o valor da constante K_a do ácido conxugado.

PREGUNTA 6.

Nun reactor de 5 L introdúcese 15,3 g de CS₂ e 0,82 g de H₂. Ao elevar a temperatura ata 300 °C alcánzase o seguinte equilibrio: $\text{CS}_2(\text{g}) + 4 \text{H}_2(\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{H}_2\text{S}(\text{g}) + \text{CH}_4(\text{g})$, onde a concentración de metano no equilibrio é de 0,01 mol/L.

6.1. Calcule as concentracións molares das especies CS₂(g), H₂(g) e H₂S(g) no equilibrio.

6.2. Determine o valor de K_c e discuta razoadamente que lle sucederá ó sistema en equilibrio se engadimos máis cantidade de CS₂(g) mantendo o volume e a temperatura constantes.

PREGUNTA 7.

7.1. Xustifique que reacción terá lugar nunha pila galvánica formada por un eléctrodo de cobre e outro de cadmio en condicións estándar, indicando as reaccións que teñen lugar no ánodo e no cátodo. Calcule a forza electromotriz da pila nestas condicións.

7.2. Faga un esquema da montaxe da pila no laboratorio, detallando o material e os reactivos necesarios e sinalando o sentido de circulación dos electróns.

PREGUNTA 8.

Para neutralizar 150 mL dunha disolución de ácido nítrico 0,010 M gastáronse 15 mL dunha disolución de hidróxido de calcio de concentración descoñecida.

8.1. Escriba a reacción que ten lugar e calcule a molaridade da disolución do hidróxido de calcio.

8.2. Indique o material que empregaría e explique o procedemento experimental para realizar a valoración.

Datos: $R = 8,31 \text{ J}/(\text{K} \cdot \text{mol}) = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{L}/(\text{K} \cdot \text{mol})$; $1 \text{ atm} = 101,3 \text{ kPa}$; $K_w = 1,0 \cdot 10^{-14}$; $E^\circ(\text{Cu}^{2+}/\text{Cu}) = +0,34 \text{ V}$; $E^\circ(\text{Cd}^{2+}/\text{Cd}) = -0,40 \text{ V}$.

Soluciones

1. a) Aplicando a teoría de repulsión dos pares de electróns da capa de valencia (TRPECV) deduce razoadamente a xeometría electrónica e molecular da molécula de tricloruro de fósforo, indicando cal sería o valor aproximado do ángulo de enlace.
- b) Sabendo que a xeometría electrónica na molécula de SiF_4 é tetraédrica, discute razoadamente que tipo de orbitais híbridos empregaría o átomo de silicio para formar os enlaces correspondentes, como se forman os ditos orbitais híbridos e a distribución de electróns nestes.

(A.B.A.U. ord. 23)

Solución:

a) Molécula de tricloruro de fósforo: PCl_3 .

A teoría de repulsión de pares de electróns da capa de valencia (TRPECV) supón que os electróns de valencia, xunto cos dos átomos que forman enlace con el, rodean a un átomo formando parellas, nas que a repulsión entre os electróns de cada parella é pequena, debido a que teñen spin contrario, e só hai que ter en conta a repulsión electrostática clásica entre os pares enlazantes (excepto os π) e entre os pares enlazantes e os pares non enlazantes, de forma que se dispoñan o máis afastados posible.


Esta teoría é a que dá unha xustificación máis sinxela dos ángulos de enlace. A repulsión de dous pares dá unha disposición lineal con ángulos de 180° , tres pares dan unha distribución triangular con ángulos de 120° e catro pares diríxense cara aos vértices dun tetraedro con ángulos de $109,5^\circ$.

O átomo central é o fósforo, que ten 5 electróns na súa capa de valencia. A configuración electrónica do átomo de fósforo ($Z = 15$) no estado fundamental é: $[\text{Ne}] 3s^2 3p_x^1 3p_y^1 3p_z^1$. Tres destes electróns forman enlaces covalentes cos tres átomos de cloro, mentres que os outros dous permanecen como un par solitario non enlazante, como se ve no diagrama electrón-punto de Lewis:




Segundo a TRPECV, a xeometría electrónica de 4 pares de electróns é tetraédrica.

A forma da molécula determínase a partir da posición dos átomos (sen ter en conta os pares non enlazantes). O átomo de fósforo está no centro do tetraedro e os tres átomos de cloro están dispostos en tres vértices, pero no cuarto vértice hai un par non enlazante que non se «ve».



A forma da molécula de PCl_3 é piramidal aplanada.


Dado que o par non enlazante está máis preto do átomo de fósforo que os pares de enlace, a repulsión entre o par non enlazante e os pares de enlace é maior que entre os pares de enlace e entre si, e fará que os átomos de cloro se acheguen un pouco máis. O ángulo de enlace Cl-P-Cl sería algo inferior a $109,5^\circ$.



(Segundo a [Wikipedia](#) o ángulo na molécula de PCl_3 é de 100°).

b) Molécula de fluoruro de silicio: SiF_4 .

A xeometría electrónica da molécula de SiF_4 é tetraédrica, o que implica que o átomo de silicio utiliza orbitais híbridos sp^3 para formar enlaces co flúor.



Na teoría da hibridación, os orbitais s , p_x , p_y e p_z , solucións da ecuación de onda para certas condicións rexidas polos números cuánticos n , l e m , poden substituírse por certas combinacións lineais deles chamadas orbitais híbridos.

Combinando os orbitais s e p pódense formar tres tipos de orbitais híbridos:

- 2 orbitais sp , formados pola hibridación do orbital s e un orbital p . Están dirixidos en sentidos opostos dunha liña recta, formando un ángulo de 180° .

(Quedan dous orbitais p sen hibridar, que poderían formar parte de enlaces π).

- 3 orbitais sp^2 , formados pola hibridación do orbital s e dous orbitais p . Están dirixidos cara aos vértices dun triángulo equilátero, formando ángulos de 120° .


(Queda un orbital p sen hibridar que podería ser parte dun enlace π).

- 4 orbitais sp^3 , formados pola hibridación do orbital s e os tres orbitais p . Están dirixidos cara aos vértices dun tetraedro, formando ángulos de $109,5^\circ$.

2 híbridos sp

3 híbridos sp^2

4 híbridos sp^3



A configuración electrónica do átomo de silicio ($Z = 14$) no estado fundamental é $[\text{Ne}] 3s^2 3p_x^1 3p_y^1$, pero ten a posibilidade de enlazarse con catro átomos de flúor. Para iso, ten que separar, («desaparear») os dous electróns $3s$, elevando un deles ao orbital $3p$ baleiro. O custo de enerxía de excitación compénsase coa enerxía dos enlaces que se van a formar.

A configuración electrónica do átomo de silicio excitado é $[\text{Ne}] 3s^1 3p_x^1 3p_y^1 3p_z^1$.

Cando se hibridan, fórmanse 4 orbitais sp^3 , cada un contén un electrón non apareado. Cada un destes orbitais híbridos se solapa cun orbital $2p$ dun átomo de flúor para formar o enlace σ que albergará dous electróns, un de cada átomo.

2.1 Razona se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa:

O cloruro de potasio en estado sólido non conduce a electricidade, pero si é un bo condutor cando está disolto en auga.

(A.B.A.U. ord. 23)

2.2 A ecuación da velocidade dunha reacción é $v = k \cdot [A]^2 \cdot [B]$. Indica a orde de reacción con respecto a cada reactivo e xustifica se ó duplicar as concentracións de A e de B, en igualdade de condicións, a velocidade de reacción será oito veces maior.

(A.B.A.U. ord. 23)

Solución:

A orde de reacción con respecto a cada reactivo indica como varía a velocidade da reacción cando varía a concentración dese reactivo. Neste caso, a ecuación da velocidade é

$$v = k \cdot [A]^2 \cdot [B]$$

A orde de reacción con respecto a A é 2 e a orde de reacción con respecto a B é 1.

Se duplicamos as concentracións de A e de B, en igualdade de condicións, a velocidade da reacción será

$$v' = k \cdot (2[A])^2 \cdot (2[B]) = k \cdot 4[A]^2 \cdot 2[B] = 8(k \cdot [A]^2 \cdot [B]) = 8v.$$

Polo tanto, ó duplicar as concentracións de A e de B, a velocidade da reacción será oito veces maior.

3. a) Xustifica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa:

O $\text{CH}_3\text{-CH=CH-CH}_3$ reacciona con HCl para dar un composto que non presenta isomería óptica.


b) Escribe as fórmulas semidesenvolvidas e nomea os isómeros xeométricos do 2,3-dibromobut-2-eno.

(A.B.A.U. ord. 23)

Solución:

a) Falsa.

O composto $\text{CH}_3\text{-CH=CH-CH}_3$ é o 2-buteno, que pode reaccionar con HCl para dar 2-clorobutano ($\text{CH}_3\text{-CHCl-CH}_2\text{-CH}_3$) seguindo a regra de Markovnikov. Trátase dunha reacción de adición.




O 2-clorobutano presenta isomería óptica porque o carbono 2 é un carbono asimétrico (quiral). Está unido a catro substituíntes diferentes: metilo ($\text{CH}_3\text{-}$), hidróxeno (H-), cloro (Cl-) e etilo ($\text{CH}_3\text{-CH}_2\text{-}$).


Ten dous isómeros ópticos que son imaxes no espello, chamados enantiómeros.



b) O 2,3-dibromobut-2-eno ten isomería xeométrica porque cada un dos carbonos do dobre enlace están unidos a grupos diferentes (bromo e metilo). Os seus isómeros poden chamarse *cis* e *trans* ou *Z* e *E*.





4. Dada a seguinte reacción:



a) Axusta as ecuacións iónica e molecular polo método do ión-electrón.

b) Calcula o volume de dicromato de potasio de concentración 2,0 mol/dm³ necesario para oxidar 20 g de nitrito de sodio.

(A.B.A.U. ord. 23)



Datos

Concentración da disolución de dicromato de potasio

Masa de nitrito de sodio

Masa molar de nitrito de sodio

Cifras significativas: 3

$[\text{K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7] = 2,00 \text{ mol/dm}^3$

$m = 20,0 \text{ g NaNO}_2$

$M(\text{NaNO}_2) = 69,0 \text{ g/mol}$

Incógnitas

Volume de disolución de dicromato de potasio

V



Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)


n

Solución:


a) Escríbense as semirreaccións iónicas:



Multiplicando a primeira semirreacción por 3 e sumando, obtense a reacción iónica axustada:




Para obter a ecuación global, súmase a cada lado 3 Na⁺, 2 K⁺ e 8 Cl⁻, e combínanse os ións para formar os compostos:



b) Calcúlase a cantidade de nitrito de sodio que hai en 20,0 g:

$$n = 20,0 \text{ g NaNO}_2 \cdot 1 \text{ mol} / 69,0 \text{ g NaNO}_2 = 0,290 \text{ mol NaNO}_2$$

Cada mol de dicromato de potasio contén un mol de ión dicromato.



Cada mol de nitrito de sodio contén un mol de ión nitrito.



Calcúlase a cantidade necesaria de dicromato de potasio, mirando a ecuación axustada da reacción:

$$n = 0,290 \text{ mol NaNO}_2 \frac{1 \text{ mol NO}_2^-}{1 \text{ mol NaNO}_2} \frac{1 \text{ mol Cr}_2\text{O}_7^{2-}}{3 \text{ mol NO}_2^-} \frac{1 \text{ mol K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7}{1 \text{ mol Cr}_2\text{O}_7^{2-}} = 0,096 \text{ mol K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7$$

Calculase o volume de disolución de dicromato de potasio de concentración 2,0 mol/dm³ que contén esa cantidade:

$$V = 0,096 \text{ mol K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7 \frac{1 \text{ dm}^3 \text{ D K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7}{2 \text{ mol K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7} = 0,048 \text{ dm}^3 = 48,3 \text{ dm}^3 \text{ (D) K}_2\text{Cr}_2\text{O}_7$$

5. Unha disolución de amoníaco de concentración 0,03 mol/dm³ está disociada nun 2,42 %. Calcula:

- a) O valor da constante K_b do amoníaco.
b) O pH da disolución e o valor da constante K_a do ácido conxugado.

Dato: $K_w = 1,0 \cdot 10^{-14}$

(A.B.A.U. ord. 23)

Rta.: a) $K_b = 1,80 \cdot 10^{-5}$; b) pH = 10,86; $K_a = 5,55 \cdot 10^{-10}$



Datos

Concentración da disolución de amoníaco

Grao de ionización do NH₃ na disolución

Produto iónico da auga

Incógnitas

Constante de basicidade do NH₃

pH da disolución

Constante do ácido conxugado

Outros símbolos

Disolución

Concentración (mol/dm³) de base débil que se disocia

Cantidade da substancia X

Cantidade disociada

Cantidade inicial

Concentración da substancia X

Ecuacións

Constante de basicidade da base: $B(OH)_b(aq) \rightleftharpoons B^{b+}(aq) + b OH^-(aq)$

pH

pOH

Produto iónico da auga

Grao de disociación

Cifras significativas: 3

$[NH_3]_0 = 0,0300 \text{ mol/dm}^3$

$\alpha = 2,42 \% = 0,0242$

$K_w = 1,00 \cdot 10^{-14}$

K_b

pH

K_a

D

x

$n(X)$

n_d

n_0

$[X]$

$$K_b = \frac{[B^{b+}]_e \cdot [OH^-]_e^b}{[B(OH)_b]_e}$$

$$pH = -\log[H^+]$$

$$pOH = -\log[OH^-]$$


$$K_w = [H^+]_e \cdot [OH^-]_e = 1,00 \cdot 10^{-14}$$

$$pK_w = pH + pOH = 14,00$$

$$\alpha = \frac{n_d}{n_0} = \frac{[s]_d}{[s]_0}$$

Solución:

a) Como o amoníaco é unha base débil, disociarase en auga segundo a ecuación:



O grao de disociación α é:

$$\alpha = \frac{[NH_3]_d}{[NH_3]_0}$$

Do grao de ionización calcúlase a concentración de amoníaco dissociado:

$$[\text{NH}_3]_d = \alpha \cdot [\text{NH}_3]_0 = 0,0242 \cdot 0,0300 \text{ mol/dm}^3 = 7,26 \cdot 10^{-4} \text{ mol/dm}^3$$

A concentración do amoníaco no equilibrio é:

$$[\text{NH}_3]_e = [\text{NH}_3]_0 - [\text{NH}_3]_d = 0,0300 \text{ mol/dm}^3 - 7,26 \cdot 10^{-4} \text{ mol/dm}^3 = 0,0293 \text{ mol/dm}^3$$

A constante de equilibrio K_b é:

$$K_b = \frac{[\text{NH}_4^+]_e \cdot [\text{OH}^-]_e}{[\text{NH}_3]_e} = \frac{7,26 \cdot 10^{-4} \cdot 7,26 \cdot 10^{-4}}{0,0293} = 1,80 \cdot 10^{-5}$$

b) Da estequiometría da reacción, pódese calcular a concentración de ións amonio e hidróxido.

$$[\text{OH}^-]_e = [\text{NH}_4^+]_e = [\text{NH}_3]_d = 7,26 \cdot 10^{-4} \text{ mol/dm}^3$$

A concentración de ións hidróxeno calcúlase do produto iónico da auga:

$$[\text{H}^+]_e = \frac{K_w}{[\text{OH}^-]_e} = \frac{1,00 \cdot 10^{-14}}{7,26 \cdot 10^{-4}} = 1,38 \cdot 10^{-11} \text{ mol/dm}^3$$

O pH valerá:

$$\text{pH} = -\log[\text{H}^+] = -\log(1,38 \cdot 10^{-11}) = 10,86$$

Análise: Este pH é consistente co esperado. Se o amoníaco fose unha base forte, o pH dunha disolución de concentración 0,03 mol/dm³ sería pH ≈ 14 + log 0,03 = 12,5. Unha base débil terá un pH menos básico, máis próximo a 7.

b) O ácido conxugado do amoníaco é o ión amonio, que é un ácido porque en disolución acuosa cedería hidroxenións á auga:



A expresión da constante de acidez do ácido conxugado do amoníaco é:

$$K_a = \frac{[\text{NH}_3]_e \cdot [\text{H}^+]_e}{[\text{NH}_4^+]_e}$$

Se se multiplica a constante de basicidade do amoníaco pola constante de acidez do seu ácido conxugado obtense a constante de ionización da auga que vale $K_w = 1 \cdot 10^{-14}$.

$$K_b \cdot K_a = \frac{[\text{NH}_4^+]_e \cdot [\text{OH}^-]_e}{[\text{NH}_3]_e} \cdot \frac{[\text{NH}_3]_e \cdot [\text{H}^+]_e}{[\text{NH}_4^+]_e} = [\text{OH}^-]_e \cdot [\text{H}^+]_e = K_w$$

Despexando a constante de acidez, obtense o seu valor:

$$K_a = \frac{K_w}{K_b} = \frac{1,00 \cdot 10^{-14}}{1,80 \cdot 10^{-5}} = 5,55 \cdot 10^{-10}$$

6. Nun reactor de 5 dm³ introdúcense 15,3 g de CS₂ e 0,82 g de H₂. Ao elevar a temperatura ata 300 °C alcánzase o seguinte equilibrio: CS₂(g) + 4 H₂(g) ⇌ 2 H₂S(g) + CH₄(g), onde a concentración de metano no equilibrio é de 0,01 mol/dm³.

a) Calcula as concentracións molares das especies CS₂(g), H₂(g) e H₂S(g) no equilibrio.

b) Determina o valor de K_c e discute razoadamente que lle sucederá ó sistema en equilibrio se engadimos máis cantidade de CS₂(g) mantendo o volume e a temperatura constantes.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(A.B.A.U. ord. 23)

Rta.: a) [CS₂] = 0,0302; [H₂] = 0,0413; [H₂S] = 0,0200 mol/dm³; b) $K_c = 45,3$; Desprázase cara á dereita.

Datos

Gas: volume

temperatura

Masa inicial: disulfuro de carbono

Cifras significativas: 3

$V = 5,00 \text{ dm}^3$

$T = 300 \text{ °C} = 573 \text{ K}$

$m_0(\text{CS}_2) = 15,3 \text{ g}$

Datos

hidróxeno
 Concentración de metano no equilibrio
 Masa molar: disulfuro de carbono
 hidróxeno
 Constante dos gases ideais

Cifras significativas: 3

$m_0(\text{H}_2) = 0,820 \text{ g}$
 $[\text{CH}_4]_e = 0,0100 \text{ mol/dm}^3$
 $M(\text{CS}_2) = 76,1 \text{ g/mol}$
 $M(\text{H}_2) = 2,02 \text{ g/mol}$
 $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

Incógnitas

Concentración molar de cada especie no equilibrio
 Constante de equilibrio das concentracións

$[\text{CS}_2]_e, [\text{H}_2]_e, [\text{H}_2\text{S}]_e$
 K_c

Outros símbolos

Concentración dunha especie X
 Cantidade da substancia X no equilibrio

$[\text{X}]$
 $n_e(\text{X})$

Ecuacións

Concentración da substancia X
 Ecuación de estado dos gases ideais

$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$
 $p \cdot V = n \cdot R \cdot T$

Constante do equilibrio: $a \text{ A} + b \text{ B} \rightleftharpoons c \text{ C} + d \text{ D}$

$$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b}$$

Solución:

a) As cantidades iniciais de CS_2 e H_2 son:

$$n_0(\text{CS}_2) = \frac{15,3 \text{ g}}{76,1 \text{ g/mol}} = 0,201 \text{ mol CS}_2$$

$$n_0(\text{H}_2) = \frac{0,820 \text{ g}}{2,02 \text{ g/mol}} = 0,407 \text{ mol H}_2$$

Se no equilibrio hai $0,0100 \text{ mol/dm}^3$ de CH_4 , a cantidade deste que se formou foi:

$$n_e(\text{CH}_4) = 0,0100 \text{ mol/dm}^3 \cdot 5,00 \text{ dm}^3 = 0,0500 \text{ mol}$$

Faise unha táboa coas cantidades de cada gas e, da estequiometría da reacción, calcúlanse as restantes cantidades no equilibrio.

		CS_2	4 H_2	\rightleftharpoons	$2 \text{ H}_2\text{S}$	CH_4	
Cantidade inicial	n_0	0,201	0,407		0	0	mol
Cantidade que reacciona	n_r	0,0500	0,200	\rightarrow	0,100	0,0500	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	$0,201 - 0,0500 = 0,151$	$0,407 - 0,200 = 0,207$		0,100	0,0500	mol

As concentracións no equilibrio serán:

$$[\text{CS}_2]_e = 0,151 \text{ mol CS}_2 / 5,00 \text{ dm}^3 = 0,0302 \text{ mol / dm}^3$$

$$[\text{H}_2]_e = 0,207 \text{ mol / 5,00 dm}^3 = 0,0413 \text{ mol / dm}^3$$

$$[\text{H}_2\text{S}]_e = 0,100 \text{ mol / 5,00 dm}^3 = 0,0200 \text{ mol / dm}^3$$

b) A constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[\text{H}_2\text{S}]_e^2 \cdot [\text{CH}_4]_e}{[\text{CS}_2]_e \cdot [\text{H}_2]_e^4} = \frac{(0,020)^2 \cdot 0,010}{0,030 \cdot 2(0,041)^4} = 45,3 = 0,016 \text{ 8 (concentracións en mol/dm}^3)$$

Segundo o principio de Le Chatelier, se engadimos máis CS_2 ao sistema en equilibrio mantendo o volume e a temperatura constantes, o sistema reaxustarase para minimizar o efecto desta perturbación. Neste caso, consumirase máis CS_2 e H_2 para formar máis H_2S e CH_4 ata que se alcance un novo estado de equilibrio.

Polo tanto, as concentracións de CS_2 e H_2 diminuirán mentres que as concentracións de H_2S e CH_4 aumentarán.

7. a) Xustifica que reacción terá lugar nunha pila galvánica formada por un eléctrodo de cobre e outro de cadmio en condicións estándar, indicando as reaccións que teñen lugar no ánodo e no cátodo. Calcula a forza electromotriz da pila nestas condicións.
 b) Fai un esquema da montaxe da pila no laboratorio, detallando o material e os reactivos necesarios e sinalando o sentido de circulación dos electróns.


$$E^\circ(\text{Cu}^{2+}/\text{Cu}) = +0,34 \text{ V}; E^\circ(\text{Cd}^{2+}/\text{Cd}) = -0,40 \text{ V}.$$

(A.B.A.U. ord. 23)

Rta.: a) $E^\circ = +0,74 \text{ V}$

Solución:

a) Nunha pila galvánica formada por un eléctrodo de cobre e outro de cadmio en condicións estándar, a reacción que terá lugar é a oxidación do cadmio e a redución do ión cobre(II).



O criterio para indicar se unha reacción é espontánea é que a variación de enerxía libre de Gibbs sexa negativa. A reacción é espontánea porque a relación entre a enerxía libre de Gibbs e o potencial de reacción é:

$$\Delta G = -z F E = -2 \cdot F \cdot (+0,74) < 0$$


b) Material: Dous vasos de precipitados de 100 cm^3 , un tubo de vidro en forma de U, un voltímetro de corrente continua, cables e pinzas metálicas.

Reactivos: láminas de cobre e cadmio puídas, disolucións de sulfato de cadmio, CdSO_4 , de concentración 1 mol/dm^3 e sulfato de cobre(II), CuSO_4 , de concentración 1 mol/dm^3 . Disolución de sulfato de sodio, Na_2SO_4 , para a ponte salina.

A montaxe da pila no laboratorio consistiría en dous recipientes, por exemplo dous vasos de precipitados, conectados por unha ponte salina. Un recipiente contería unha solución de sulfato de cadmio e un eléctrodo de cadmio metálico, mentres que o outro contería unha solución de sulfato de cobre(II) e un eléctrodo de cobre metálico.

Os dous eléctrodos estarían conectados, mediante cables, a un voltímetro para medir a f.e.m. da pila.

O sentido de circulación dos electróns será desde o polo negativo (ánodo Cu) cara ao polo positivo (cátodo Cd) mentres que os ións fluirán pola ponte salina para manter a neutralidade eléctrica.



8. Para neutralizar 150 cm^3 dunha disolución de ácido nítrico de concentración $0,010 \text{ mol/dm}^3$ gastáronse 15 cm^3 dunha disolución de hidróxido de calcio de concentración descoñecida.


- a) Escribe a reacción que ten lugar e calcula a concentración molar da disolución do hidróxido de calcio.
 b) Indica o material que empregaría e explica o procedemento experimental para realizar a valoración.

(A.B.A.U. ord. 23)

Rta.: $[\text{Ca}(\text{OH})_2] = 0,050 \text{ mol/dm}^3$ (D).

Solución:

a) A reacción axustada é:



Cálculos previos á valoración: Os moles de hidróxido de calcio necesarios para neutralizar 150 cm^3 de ácido nítrico de concentración $0,010 \text{ mol/dm}^3$ son:

$$n = 150 \text{ cm}^3 \text{ D HNO}_3 \cdot \frac{1 \text{ dm}^3}{10^3 \text{ cm}^3} \cdot \frac{0,010 \text{ mol HNO}_3}{1 \text{ dm}^3 \text{ D HNO}_3} \cdot \frac{1 \text{ mol Ca}(\text{OH})_2}{2 \text{ mol HNO}_3} = 7,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol D Ca}(\text{OH})_2$$

A concentración molar da disolución do hidróxido de calcio será:

$$[\text{Ca}(\text{OH})_2] = \frac{7,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol D Ca}(\text{OH})_2}{15 \text{ cm}^3 \text{ D}} \frac{10^3 \text{ cm}^3}{1 \text{ dm}^3} = 0,050 \text{ mol Ca}(\text{OH})_2/\text{dm}^3 \text{ D}$$

Procedemento de valoración: Cunha pipeta mídense 150 cm³ de disolución de ácido nítrico e vértense nun matraz erlenmeyer de 250 cm³. Engádense dúas pingas de fenolftaleína e a disolución permanecerá incolora. Énchese unha bureta de 25 cm³ con disolución de hidróxido de calcio, de concentración descoñecida, por enriba do cero. Ábrese a chave ata que o pico da bureta estea cheo e o nivel en cero. Déixanse caer uns 12 cm³ sobre o erlenmeyer e axítase. Ábrese a chave da bureta para deixar caer a disolución de hidróxido de calcio en pequenos chorros mentres se imprime un movemento circular ao erlenmeyer ata que o contido do erlenmeyer adquira unha cor rosada. Anótase o volume de hidróxido de calcio gastado (p. ex. 15,2 cm³) e tírase o contido do erlenmeyer e lávase o matraz. Vólvese a encher a bureta con hidróxido de calcio ata o cero. Mídense outros 150 cm³ de ácido nítrico coa pipeta, vértense no erlenmeyer (lavado pero non necesariamente seco) e engádense dúas pingas de fenolftaleína. Colócase o erlenmeyer baixo a bureta e ábrese a chave ata deixar caer case todo o volume medido antes (p. ex. 14,5 cm³). Agora déixase caer a disolución de hidróxido de calcio pinga a pinga mentres se fai rotar o erlenmeyer, ata que a fenolftaleína cambie de cor. Anótase este valor. Repítese outras dúas veces e tómase como volume correcto o valor medio das medidas que máis se aproximan.

Material: Bureta (1) de 25 cm³ (graduada en 0,1 cm³), pipeta (1) de 200 cm³ con aspirador, matraz erlenmeyer (1) de 250 cm³, disolución de fenolftaleína.

Cuestións e problemas das [Probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade](#) (A.B.A.U. e P.A.U.) en Galiza.

[Respostas](#) e composición de [Alfonso J. Barbadillo Marán](#).

Alguns cálculos fixéronse cunha [folla de cálculo](#) de [LibreOffice](#) do mesmo autor.

Algunhas ecuacións e as fórmulas orgánicas construíronse coa extensión [CLC09](#) de Charles Lalanne-Cassou.

A tradución ao/desde o galego realizouse coa axuda de [traducindote](#), e de o [tradutor da CIXUG](#).

Procurouse seguir as [recomendacións](#) do Centro Español de Metrología (CEM).

Consultouse ao Copilot de Microsoft Edge e tivéronse en conta algunhas das súas respostas nas cuestións.

Actualizado: 17/07/24